



Estimado veciño:

Como seguramente saberás, o concello de Bergondo está inmerso na elaboración do novo plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

Nesta nova etapa, cobra maior importancia a participación cidadá, e é por iso polo que queremos facer unha rolda de presentación, de debate, e de achegas, polos lugares do noso concello.

En abril do ano pasado, acudimos a explicar o formato de participación nos centros sociais municipais, e un ano despois queremos presentar o traballo feito ata o momento.

Froito desas xuntanzas, algunhas parroquias teñen representación na “comisión territorial”, que ser reuniu os días 14/12/2015, 18/01/2016, e 22/02/2016.

Destas reunións xurdiu un grupo de traballo que presentou un documento coas consideracións que eles entenderon que se deberían cumprir no futuro desenrolo do Concello.

Mais, son poucas as parroquias que a día de hoxe contan coa representación territorial, e por iso, queremos animar dende estas xuntanzas á veciñanza doutras parroquias a que tamén designen aos seus representantes.

O día 18 de xullo ás 19:00h., no edificio da Senra, terá lugar a segunda asemblea coa que contaremos coa presenza do equipo redactor do pxom, que fará unha extensa exposición do traballo feito ata o momento.

Antes diso, faremos unha rolda de presentacións polo equipo municipal nos diferentes locais sociais, que a continuación detallamos:

- C.s. Lubre : luns 4 xullo, 19:00h.
- C.s. Cangas : mércores 6 xullo, 19:00h.
- Casa Cultura ( Bergondo) : xoves 7 xullo, 19:00h.
- C.s. Guísamo : venres 8 xullo, 19:00h.
- C.s. Vixoi : luns 11xullo, 19:00h.
- C.s. Sta Marta Babío : mércores 13xullo, 19:00h.
- C.s. Cortiñán : xoves 14 xullo, 19:00h.
- C.s. Fiobre : venres 15 xullo, 19:00h.

Vos animamos a participar nas diferentes charlas.

Un saúdo

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez